

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE AGOSTO DE 2023

Ás 11:10 horas do día 11 de agosto de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lote 3) (alegacións lote 3 e informe)

Dáse conta do escrito de alegacións presentado o 17 de xullo de 2023 por D. Julio José Vila Castro en representación de FORGAL Y FORMACIÓN CONSULTORÍA, S.L. (documento nº 230209811), no que solicita a revisión da puntuación asignada na valoración da Memoria/Proposta Técnica, así como do informe asinado pola xefa de Benestar Social o 7 de agosto de 2023 no que conclúe "Mantense a valoración neste apartado xa que todo o alegado xa foi tido en conta para obter a puntuación outorgada".

A Mesa toma coñecemento da anterior documentación e acorda que se dea traslado do citado informe ao licitador.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 1 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días a MILCONS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá achegar a documentación esixida na cláusula 14.2A) do PCAP, isto é, o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o Anexo II e, no seu caso, a declaración responsable do Anexo III no suposto de recorrer á solvencia dun terceiro, que deberá acompañarse do DEUC do terceiro, asinado dixitalmente por este.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior conceder ao único licitador presentado un prazo para a emenda da documentación do Sobre A.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12.131-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 2 de agosto de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20" (1.503-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro industrial do programa Next Generation UE e o técnico medio en Topografía o 7 de agosto de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1.607-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial o enxeñeiro industrial do programa Next Generation UE e o técnico medio en Topografía o 7 de agosto de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12.131-224)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Maior porcentaxe de desconto que se aplique ao prezo unitario previsto no apartado 3G destas FEC	Maior experiencia laboral dos medios persoais adscritos ao servizo
1	RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L.	7,69%	Profesional 1: 250 horas Profesional 2: 101 horas
2	BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	24%	Profesional 1: 51 horas Profesional 2: 51 horas

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio de Navia dende a VG-20" (1.503-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.992.001,04 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	2.032.522,84 €
3	UTE NAROM, S.L. - AUDECA, S.L.U.	1.984.915,21 €
4	ORECO BALGON, S.A.	2.210.332,86 €
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	2.007.501,27 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	2.049.351,89 €
7	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	2.207.675,67 €

Asisten á apertura D. Felipe Carrascosa Hernández, en representación de CIVISGLOBAL SLU. e D^a. Rebeca Platero López de Turiso, en representación da Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Pablo Iglesias" (1.607-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	962.036,82 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	953.411,07 €
3	NAROM, S.L.	931.473,99 €
4	ORECO BALGON, S.A.	1.052.340,92 €
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	974.496,23 €
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	974.176,76 €

Asiste á apertura D^a. Rebeca Platero López de Turiso, en representación da Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio do 8 de agosto de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AXA SEGUROS GENERALES, S.A. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 26 de xullo de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 20 de xullo, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con INNOVALABS DIGITAL S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 4 de agosto de 2023 a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe "*non semella que o documento explicativo achegado pola empresa INNOVALABS DIGITAL, SL xustifique que as condicións da oferta sexan susceptibles de determinar o baixo nivel de precio ou custos da mesma, non apreciándose xustificada e razoable a baixa do 49% en atención ás razóns apuntadas pola empresa para reducir considerablemente o seu custo operativo e, polo tanto, a proposta económica da oferta, toda vez que a experiencia previa na prestación deste concreto servizo no Concello de Vigo ou en outras entidades públicas, nin o emprego da plataforma web ou a prestación de titoriais on line, xustifica valores de innovación ou orixinalidade das solucións propostas para prestar os servizos, xa que o resto das entidades licitadoras teñen ofrecido plataformas web e/ou software ou ferramentas informáticas de xestión con funcionalidades que automatizan procesos para mellora da eficiencia na prestación do servizo, así como titoriais on line e servizos de información específicos, sen que por estas razón teñan incorrido en ofertas anormalmente baixas*".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Excluir deste procedemento a INNOVALABS DIGITAL S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

anormais segundo o informado pola a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 4 de agosto de 2023.

b) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lotes 1 e 2)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos nos lotes 1 e 2 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 24 de xullo de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 20 de xullo, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

- Lote 1:
 - CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.
- Lote 2:
 - NT FOR LEARNING, S.L.

Durante o prazo concedido, os dous licitadores presentaron documentación que foi remitida ao servizo xestor.

O 7 de agosto de 2023 o xefe da Área de Benestar Social emitiu sendos informes sobre as xustificacións presentadas no que conclúe:

- *"Polo exposto anteriormente, para os efectos do disposto no Art. 149 da LCSP e sen prexuízo do superior criterio da Mesa de Contratación e do órgano de contratación (XGL), o técnico que subscribe considera xustificada a baixa do 49% ofertada polo licitador "ICA FORMACIÓN" (CIF B-36995934) no procedemento de contratación tramitado no expediente de referencia".*
- *"Polo exposto anteriormente, para os efectos do disposto no Art. 149 da LCSP e sen prexuízo do superior criterio da Mesa de Contratación e do órgano de contratación (XGL), o técnico que subscribe considera xustificada a baixa do 44,9% ofertada polo licitador "NT FOR LEARNING SL." (CIF B-15549413) no procedemento de contratación tramitado no expediente de referencia".*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Aceptar as xustificacións das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentadas por CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L. (lote 2) tendo en conta o informado o 7 de agosto de 2023 polo xefe da Área de Benestar Social.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión (por ausencia da xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local) o 7 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lotes 1 e 2)

Entréganse os informes asinados polo xefe da Área de Benestar Social o 8 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación dos lotes 1 e 2 deste procedemento, así como o informe que corrixe o do lote 1 que é asinado o 10 de agosto de 2023.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe de valoración do lote 1 do 10 de agosto e o informe de valoración do lote 2 do 8 de agosto.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 5 de xullo de 2023 polo que se exclúe a INSTITUTO PARA EL CRECIMIENTO SOSTENIBLE DE LA EMPRESA, S.L. (ICSEM) polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").

Segundo.- Excluir deste procedemento a INNOVALABS DIGITAL S.L. por entender que a súa oferta non poden ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais segundo o informado pola a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 4 de agosto de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 7 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.	96,00
2	AMPPLIO GESTIÓN EMPRESARIAL, S.L.	82,35
3	KPMG ASESORES, S.L.	80,04

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. (B-36.999.308 e B-27.722.024), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lotes 1 e 2)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023) concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar as xustificacións das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentadas por CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L. (lote 2).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lotes 1 e 2) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Lote 1 "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (repertorio nacional de certificados)":

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	MAGNAFOR QUALITAS, S.L.	87,26 puntos
2	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	84,50 puntos
3	FORGA	84,32 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	83,08 puntos
5	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - NAVUXIL, S.L.	67,22 puntos

- Lote 2 "Redución da brecha dixital a través do smartphone para persoas en situación ou risco de exclusión social, no Concello de Vigo, no marco das competencias dixitais para a cidadanía DigComp 2.2. (Marco da UE para desenvolver e medir a competencia dixital)":

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	NT FOR LEARNING, S.L	92,50 puntos
2	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	83,28 puntos
3	ADECCO FORMACIÓN, S.A.U.	82,53 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	71,83 puntos
5	FUNDACIÓN ESPLAI CIUDADANÍA COMPROMETIDA	48,67 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar los lotes 1 e 2, MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (B-36.565.679) (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L (B-15.549.413) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que para o lote 1 deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Este proxecto é susceptible de cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1.494-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1.494-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de marzo de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 260.330,58 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



na partida orzamentaria 1710.619.00.63 (MELLORA ACONDICIONAMENTO PARQUE NAVIA), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.500.000,00 €
------	----------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1494-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	CIVISGLOBAL, S.L.U.	95,31
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. - NATURGALIA S.L.	94,77
3º	ORECO BALGON, S.A.	94,38

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 7 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de xuño e 4 de xullo de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adjudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I" (1.494-441) por un prezo total de 1.234.650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 214.278,10 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10.061-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10.061-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizos e tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/02/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 07/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 12/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 22/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 13 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/05/2023..

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 54.996,69 €, que inclúe un IVE de 9.544,88 €, dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2023	9.544,88 €	45.451,81 €	54.996.69 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de xullo de 2023, de SMARTWORLD TELECOM, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Para garantir a calidade dos proxectos que poidan optar á licitación e non por en perigo o desenvolvemento do contrato so se admitiran aquelas propostas que acaden como mínimo do 50 % da puntuación reservada aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10061-113) na seguinte orde descendente:

		Valoración B	Valoración C	Total
1	CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.	46	51	97
2	GEOMATICO S COOP GALEGA	38,5	42,51	81,01

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 14 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L., o día 31 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSULTORÍA TECNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 12 e 20 de xullo de 2023, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 15 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación, na sesión do 13 de xullo de 2023, de SMARTWORLD TELECOM, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Para garantir a calidade dos proxectos que poidan optar á licitación e non por en perigo o desenvolvemento do contrato so se admitiran aquelas propostas que acaden como mínimo do 50 % da puntuación reservada aos criterios avaliados mediante xuízo de valor").*
2. *Adxudicar a CONSULTORÍA TÉCNICA NEXUS GEOGRAFICS, S.L. (B-17.525.429) o procedemento aberto para a contratación dun servizo de planificador de viaxes multimodal para o transporte sostible en autobús, bicicleta e peonil na app Vigo e na web municipal (10.061-113) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 44.770,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.770,00 euros.*
 - b) *Propón a incorporación da visualización dos aparcabiscis ao mapa do visor.*
 - c) *Incrementa o prazo de garantía en 2 anos.*
 - d) *Ampliación do prazo do soporte de afinado de enrutamento en 80 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe máxima do 80% - Proxecto EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada, a súa proposta aparecerá na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, condutores-bomberos, cabos e sarxentos (6.810-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Aclárase que se ben na sesión do 28 de xullo de 2023 se acordou conceder un prazo de 3 días ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., para que achegase a documentación acreditativa da personalidade xurídica e da representación, comprobouse que esta información consta no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que non se notificou o citado acordo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, condutores-bomberos, cabos e sarxentos (6.810-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de Formación para funcionarios de novo ingreso e promoción interna do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 5 de maio de 2023.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 8 de maio de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 182.001,00 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 "Cursos de formación impartidos por empresas", do presuposto do exercicio de 2023.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 17 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6810-213):

	Licitador	Puntuación
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., o día 7 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 18 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación do 29 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A. (A-36.715.217) o procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6.810-213) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 181.995,13 euros exento de IVE.*
- b) *Propón como experiencia do persoal a adscribir ao contrato superior á mínima esixida no punto 5F ("Medios persoais a adscribir ao contrato"):*
 - *Experiencia dos instrutores/formadores principais:*
 - *Experiencia como Técnico/a Superior da Familia de Seguridade e Medio Ambiente (marcar unha das seguintes se é o caso): máis de 10 anos.*
 - *Experiencia como enxeñeiro/a técnico/a na rama de electricidade, industrial ou química con mais de 2 anos.*
 - *Experiencia dos instrutores/formadores de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente: máis de cinco (5) anos.*

5.- Propón un incremento do número de instrutores/formadores principais na fase práctica da formación a maiores do mínimo esixido.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

14.- Dar conta da resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

Dáse conta das resolucións nº 135/2023 e 136/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), polas que se estiman os recursos nº 121/2023 e 124/2023, interpostos por EULEN SEGURIDAD, S.A. e SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U., respectivamente, contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta desta contratación.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 11 de agosto de 2023.

En aplicación do previsto nas anteriores resolucións, procede retrotraer o procedemento ao momento da valoración do Sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula" dos dous licitadores presentados. A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 05:37	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAC4C-CFDE36-33EB46-QP2QS3-YPFCHD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		